XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL
Xefatura Territorial
Servizo de Xuventude e Voluntariado

Avda. da Habana, 81, baixo
32071 Ourense
Tel.: 988 386 120
Fax: 988 386 119
servicio.xuventude.ourense@xunta.gal

galicia

Resolución do 20 de agosto de 2018 da Xefatura Territorial de Ourense da Consellería de Política Social, pola que se aproba a relación definitiva de admitidos/as na Residencia Xuvenil Florentino López Cuevillas para o curso académico 2018/2019

Convocada a oferta de prazas nas residencias xuvenís dependentes da Consellería de Política Social para o curso académico 2018-19 pola Orde do 30 de maio de 2018 (DOG núm. 111 do 12 de xuño), e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES

Primeiro: Con data do 31 de xullo de 2018, unha vez examinadas as solicitudes presentadas para a Residencia Xuvenil Florentino López Cuevillas, que resultaron ser un número inferior as prazas convocadas, e non sendo necesario, por tanto, aplicar os criterios de selección establecidos no artigo 9, aprobouse a relación provisional de admitidos/as.

Segundo: Con posterioridade á publicación da relación provisional, presentouse unha renuncia por parte dunha persoa incluída na relación provisional de admitidos/as, e presentáronse catro novas solicitudes.

Vistos os antecedentes citados e tendo en conta o disposto no artigo 11 da citada orde e os demais preceptos normativos de xeral e pertinente aplicación, esta xefatura territorial

RESOLVE

Primeiro: Aprobar a relación definitiva de admitidos/as para a Residencia Xuvenil Florentino López Cuevillas, para o curso académico 2018/2019, que figura como anexo á presente resolución, á vista das solicitudes presentadas en prazo regulamentario, con base no artigo 1 e demais requisitos esixidos na convocatoria, e fóra de prazo, segundo os artigos 4.5. e 11.3, de modo que a partir da data de publicación da primeira proposta de resolución respectouse a estrita orde de entrada da solicitude.

Segundo*:* Facer pública dita relación mediante a súa exposición nos lugares indicados no artigo 11.1 da convocatoria.

Terceiro*:* A adxudicación de prazas vacantes con posterioridade á resolución realizarase, de ser o caso, de acordo co disposto no artigo 11.3 da orde de convocatoria.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela pódese interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da resolución, se o acto fose expreso; se o acto non fose expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpor o recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, ou impugnalas directamente ante a orde xurisdicional contencioso-administrativa, no prazo de dous meses se o acto é expreso e de seis meses se é presunto, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución ou do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto (artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

Ourense, 20 de agosto de 2018

A xefa territorial

Mª José Fernández Laso

Asinado por: FERNANDEZ LASO, MARIA JOSE
Cargo: Xefa territorial
Data e hora: 20/08/2018 13:34:16

CVE: 6Dn9M59zb7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve